

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de
Caparrini Marín, Natalia
Doval Ruíz, María Isabel
Martín Moreno, José María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Míguez Tabarés, José Luis
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rubio Armesto, María Belén
Souto García, Raquel
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Cruz González, M^a Montserrat
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca Pilar
García Cutrín, Francisco Javier
Lavilla Beltrán, Isela
Pardo Froján, Juan E.
Picos Martín, Juan
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Torres Romay, Emma

PDI-A

Collazo Fernández, Antonio
Falagán Mota, Jorge
Lantarón Caeiro, Eva María
Paz Penín, Concepción
Pazos Arias, José Juan
Peña Gallego, M^a de los Ángeles
Porteiro Fresco, Jacobo
Rivo López, Elena
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

González Santamaría, Pedro

ESTUDANTES

Carro Parafita, Pedro Manuel
Diz Folgar, Manuel
Ramos Vázquez, Antonio Manuel
Rúa Estévez, José Manuel
Vázquez Alonso, Aroa

PAS

Mollinedo Lois, Carlos

CONSELLO SOCIAL

Blanco Gómez, César
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, M^a José
Vera Isasa, María

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Fernández Suárez, Emilio
Ferreiro Vázquez, Óscar
Gómez Rodríguez, Alma M^a
Lorenzo Rodríguez, Edita de
Montero Reguera, José Francisco
Torres Outón, Sara M^a

INVITADO

Lago Ferreiro, Alfonso (director área
Profesorado)

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 09 de xuño de 2022, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 09 de xuño de 2022 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor en funcións, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor en funcións, e mais o secretario xeral en funcións xunto con varios membros do equipo de goberno en funcións así como os membros do órgano que o solicitaron con carácter previo, asisten presencialmente no Paraninfo. Os restantes asistentes conéctanse on line, sen que consten particulares incidencias. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.

NORMAS

Conexión do micro e do vídeo:

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

Intervencións: máximo 5 minutos

Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.

En cada punto:

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento

• Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado

• Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

O reitor comeza indicando que houbo unha petición de retirada dos puntos 1, 2, 5 e 6 e pregunta se se mantén esa retirada. Non habendo peticións de retirada na sala o reitor comenta que falará en concreto sobre o punto quinto, sobre o que se fixo unha xuntanza de urxencia, e que se levará á mesa de negociación. Desde o punto de vista legal non hai problemas para levar estes puntos polo goberno en funcións dado que o artigo 50 da lei galega de transparencia e bo goberno non se aplica ás Universidades do SUG, dado que só se lles aplica o título preliminar, se non ao propio goberno da Xunta de Galicia. De feito, puntos semellantes aos que se traen agora foron tramitados polo anterior goberno en funcións. Por outra banda, respecto da lexitimidade política, non cabe dúbida sobre a lexitimidade do actual goberno en funcións cara ao novo período lexislativo, onde se mantén o mesmo reitor. Finalmente, o reitor abre a posibilidade de que, se alguén entende que estes asuntos non entran dentro do despacho ordinario de asuntos, que así o indique, malia que el entende que así é. Explicaranse en todo caso as razóns de urxencia. Asemade, sinala que o día 20 tomará posesión o actual equipo de goberno.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das solicitudes de nomeamentos e prórrogas de profesorado emérito.

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón o seguinte:

Nomeamentos con efectos a partir do 1/9/2022:

- José Luis Legido Soto. A385 Física Aplicada. T08 Física Aplicada.

Prórrogas durante os cursos 2022/2023 e 2023/2024:

- Jesús de Juana López. A450 Historia Contemporánea. H05 Historia, Arte e Xeografía.
- Manuel María Varela Lafuente. A226 Economía Aplicada. X06 Economía Aplicada.

Apróbanse, por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do procedemento para a transformación dos contratos de profesorado Axudante Doutor a Profesorado Contratado Doutor Interino.

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón o seguinte:

- As persoas que rematen o seu contrato como profesorado axudante doutor durante o curso 2022/2023 sen posibilidade de prórroga ou de renovación, e estean acreditados como profesorado contratado doutor (PCD), poderán solicitar diante do departamento ao que pertencen, a transformación da praza que ocupan nunha de profesorado contratado doutor interino.

- Os departamentos serán os encargados de enviar a documentación antes do 29 de xuño de 2022.

Apróbase, por asentimento.

3. Aprobación, se procede, da solicitude de prórroga da Comisión de Servizos de Dña. M^a Inmaculada Valeije Álvarez.

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón o seguinte:

Solicitude da USC de concesión dunha prórroga extraordinaria da comisión de servizos solicitada pola profesora M.^a Inmaculada Valeije Álvarez, dada a creación dunha praza de titular de universidade para a Área de Dereito Penal no Departamento de Dereito Público Especial e da Empresa. Solicitan a concesión dunha prórroga extraordinaria ata o remate do concurso para a cobertura da praza. O concurso publicarase antes do verán e deberá ter finalizado neste ano 2022.

O reitor en funcións quere que figure na acta o aprecio persoal polo traballo feito pola profesora Valeije durante o seu tempo na Universidade de Vigo, malia que entende que se debe facilitar o cambio.

Apróbase, por asentimento.

4. Aprobación, se procede, das propostas de mestrado de formación permanente en Negocio Dixital e de mestrado de formación permanente en Auditoría e Contabilidade.

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón que o acceso a toda a documentación das propostas foi achegada aos membros do órganos. Tan só houbo unha corrección nos prezos públicos da primeira proposta (Negocio Dixital) que foi remitida posteriormente, debida a un erro técnico. Foron aprobados ambos pola COAP.

Apróbase, por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da normativa de contratación de persoal investigador da Universidade de Vigo.

O reitor en funcións indica que se leva a traballar bastante tempo nesta normativa e que conta co informa favorable da Asesoría Xurídica. Trátase dun asunto urxente, motivado pola entrada en vigor da reforma laboral. Contou co traballo do equipo xerencial, entre outras persoas. Trátase dunha primeira versión e se levará, unha vez tome posesión o equipo, ás mesas de negociación. Hoxe haberá unha reunión informativa. Dados todos os condicionantes non foi posible tramitalo doutro

xeito, pero está aberto a incluír aportacións dos representantes dos colectivos implicados na mesma. Engade que houbo modificacións de última hora respecto do texto que foi enviado.

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón as liñas básicas da normativa, que foi achegada aos membros do órgano, malia que houbo correccións de última hora que procede a explicar durante a súa intervención, e insiste na reunión informativa que terá lugar no día de hoxe.

A presente normativa serve para establecer os procedementos precisos para que a selección do persoal sexa axeitada consonte o establecido no selo HRS4R (cumprir os criterios OTM-R) e que teña as máximas garantías, así como axeitar os procedementos á nova normativa laboral e acorde coas leis existentes e cos nosos estatutos.

- Definir o marco da carreira investigadora.
- Clarear os procedementos para levar a cabo a contratación.
- Nova estrutura: Unidade de Contratación de Persoal Investigador (UCPI).

A xerenta explica a estrutura no que implica aos servizos que levarán a cabo tarefas de apoio ao persoal investigador. En tanto non se reforma a RPT, creárase unha estrutura de persoal para a contratación de persoal investigador (a UCPI: será unha unidade formada por tres persoas do PAS -xefe de equipo, negociado e posto base- en coordinación co servizo de PDI e de investigación). Tamén haberá un cambio de sinatura, da Xerencia á Vicerreitoría de Investigación.

A vicerreitora continúa expoñendo o ámbito de aplicación da normativa, que cubre os seguintes aspectos:

- a) Axudas e subvencións para a realización de proxectos específicos de I+D+i, acadadas nas correspondentes convocatorias competitivas dos plans e programas públicos de I+D+i ou noutras convocatorias públicas que teñan como destinatarios as universidades e os centros de investigación universitarios.
- b) Contratos regulamentados no artigo 83 da LOU.
- c) Convenios ou acordos de colaboración para o financiamento da I+D+i con entidades ou organismos públicos ou privados.
- d) Financiamento a investigadores/as, grupos, centros ou institutos de investigación.
- e) Axudas a actividades de investigación de convocatorias propias.
- f) Financiamento aportado polas cátedras institucionais e de empresa.
- g) Financiamento da Xunta de Galicia.
- h) Calquera outra vía de financiamento non incluída nas anteriores e que permita a contratación de persoal, a excepción dos programas específicos de recursos humanos de investigación.

Expón asemade as distintas modalidades contractuais, que serán en principio de sete tipos:

1. Contrato predoutoral (PRE). Mínimo 1 ano, máximo 4, matrícula nun programa de doutoramento.
2. Contrato de acceso ao sistema español de ciencia, tecnoloxía e innovación (ACC). Persoal doutor, máximo 5 anos.
3. Contrato de investigador/a distinguido (DIS). Persoal doutor.
4. Contratos de actividades científico-técnicas (ACT). Liñas de investigación, artigo 23 bis da lei 14/2011 (indefinido).
5. Contratos para a realización de proxectos e para a execución de plans e programas públicos de investigación científica e técnica ou de innovación, artigo 32 bis da lei 14/2011 (indefinido)
6. Contrato de traballo de duración determinada por circunstancias da produción (PRO). Circunstancias imprevisibles, máximo 6 meses
7. Contratos de duración determinada (ADI 5). Disposición adicional 5.^a, fondos europeos e do MRR.

Todos os contratos, de permitilo a súa normativa, poderán realizarse a tempo completo ou parcial. Os contratos a tempo parcial non poderán realizarse cun réxime de dedicación inferior ao 50 % da xornada a tempo completo. Así mesmo, os contratos de duración determinada non poderán ter unha duración inferior a un mes.

Inclúese o concepto de “liña de investigación”: Enténdese por liña de investigación o conxunto de coñecementos, inquietudes, produtos e proxectos, construídos de maneira sistemática ao redor dun eixo temático no que conflúen actividades realizadas por un ou máis grupos de I+D+i. O desenvolvemento da liña de I+D+i seguirá as pautas metodolóxicas dos proxectos e das actividades científico-técnicas. A creación das liñas de I+D+i aprobarase pola Comisión de Investigación da Universidade de Vigo a proposta dun investigador ou investigadora adscritos a esta.

Explica cales serán as categorías de contratación, así como o procedemento: A proposta da cada contratación será realizada polas persoas investigadoras principais, mediante solicitude dirixida ao servizo ou á unidade responsable da contratación de persoal investigador (UCPI). Publicación da convocatoria e oferta de prazos por parte da UCPI. As de persoal investigador serán publicadas en EURAXESS. As solicitudes do persoal investigador serán mediante presentación a través da sede electrónica e amósase o formulario correspondente (hai outro formulario para a petición de prórroga, de cara á aplicación da disposición transitoria segunda, así como unha declaración responsable do coordinador do grupo de investigación).

En canto aos prazos de presentación serán os seguintes:

- 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación da oferta.
- Prazo de 3 días de reclamación no caso de non admisión.
- Un máximo de 7 días para a avaliación da comisión (presidencia, secretaría, vogal + suplente).

- Un prazo adicional de 3 días de reclamación á resolución.

Expón os baremos de avaliación, que serán os seguintes:

- Méritos xerais: 30-40 % da puntuación total.
- Méritos específicos: 60-70 % da puntuación total.
- Entrevista: máximo 15 puntos, cun mínimo de 50 puntos.
- Proposta de provisión. Xornada laboral: 37,5 h semanas.
- Posibilidade de lista de agarda.

Finaliza a vicerreitora expoñendo o contido das dúas disposicións transitorias, cara á aplicación da normativa, centrándose na segunda delas, que consta de cinco puntos, redactada coa intención de garantir a continuidade das persoas actualmente contratadas con cargo a proxectos de investigación na Universidade de Vigo, sendo a súa situación actual, motivada pola entrada en vigor da reforma laboral, a principal causa de urxencia para a tramitación e aprobación neste Consello da presente normativa. No punto sete da mesma, é onde se atopa un cambio introducido a última hora: 7. “Así mesmo, e adicionalmente aos compromisos anteriores, ~~a investigadora ou o investigador responsable comprometerase expresamente a financiar, na forma que regulamentariamente establece a Universidade de Vigo,~~ a provisión económica necesaria para custear a indemnización que resulte procedente en caso de finalización da relación laboral”. Cámbiase, tras unha negociación de última hora, “... o documento de retención de crédito ou RC incluirá...”. A vicerreitora engade así mesmo outros dous cambios respecto da proposta inicialmente enviada, ambas no artigo 7.

Esta normativa derroga a outra interna de 2016 que nunca se aplicou e a aprobada o 5 de abril do 2022.

O reitor en funcións insiste en que isto non é unha OPE de prazas estruturais, dado que un contrato como “indefinido” non é equivalente a un como “fixo”. Pide a aprobación por asentimento e que haberá correccións posteriores tras a negociación.

Rebeca Díaz comenta que ten dúbidas sobre os niveis de formación que aparecen no documento, en relación cos técnicos medios, tras a asimilación de niveis, e fai unha suxestión de redacción alternativa. Pedro Carro comenta certos exemplos de persoal que se podería ver afectado. Raquel Souto fai referencia á Lei da Ciencia e ás titulacións que establecen aí, e que foron recollidas directamente no proxecto de normativa. O debate céntrase nos títulos de máster, que parece non deberían ser necesariamente habilitantes para considerarse como titulacións superiores. O reitor comenta que se fará a consulta á Asesoría Xurídica. Pedro Carro comenta a preocupación polo paso do grupo II ao III. Raquel Souto comenta que foi un erro e se corrixiu xa.

Rebeca Díaz pregunta sobre as liñas de investigación, que entende se deberían dotar con orzamento e poderían ser compartidas por grupos diversos. Belén Rubio comenta que se fixo unha consulta ao ministerio a este respecto e comenta que a liña podería incluso identificarse co nome do propio grupo de investigación. O problema é a continuidade das persoas contratadas na mesma

liña, en caso de que se deba prescindir dalgunha delas. En principio, se partirá da contratación dunha soa persoa por liña de investigación.

Rebeca Díaz continúa preguntando pola modalidade catro de contratación, respecto do tipo de contrato que se podería incluír. A vicerreitora aclara a dúbida, entendendo que, en realidade se inclúen practicamente os mesmos tipos de contratación no catro e no cinco, sendo a diferenza entre ambos un tanto sutil, procedendo a explicar a mesma.

Rebeca Díaz comenta que lle preocupa a duración dos trámites para a aplicación da disposición transitoria, dado que teñen que pasar pola Comisión de Investigación. A vicerreitora entende que a partir do próximo luns podería saír a convocatoria para novas solicitudes e que, por outra banda, as actuais persoas contratadas pasarían a indefinidas a partir da próxima reunión da Comisión de Investigación a semana que ven.

Outra preocupación de Rebeca Díaz é a indemnización correspondente en caso de contratacións de longa duración, en relación co compromiso adquirido polo grupo de investigación e pregunta como se garantizará a financiación e quen será o último responsable. O reitor aclara que o último responsable será a Universidade, polo que haberá que ter coidado coas liñas de investigación que se acorden, pedindo certa co-responsabilidade entre a Universidade e os grupos.

Comenta Rebeca Díaz que o documento foi un tanto sorpresivo e que tería sido mellor dalo mais a coñecer previamente e debatelo máis a fondo. A vicerreitora aclara que se fixo o que se puido dada a urxencia e os prazos, malia que aclara que se trata dunha normativa viva, onde no futuro poderán incluírse modificacións ou aportacións dos grupos.

Rebeca Díaz conclúe sinalando que poderá haber novos picos de persoas contratadas en risco de remate de contratación. A vicerreitora lle propón que se vaian preparando xa as solicitudes, para a xente que remata en setembro, e sacar canto antes a convocatoria.

Antonio Collazo comenta que a titulación de máster se corresponde con nivel III. Pregunta polos prazos para establecer liñas de investigación e a frecuencia de convocatorias por parte da unidade, así como a situación que pode xurdir coa contratación de persoal estranxeiro de cara a que nos seus contratos non se recoñece a vinculación. O reitor comenta que hai tres cuestións que non estaban no texto pero que foron aclaradas nesta sesión e que respecto dos estranxeiros estamos habilitando un procedemento para persoas que carecen de acreditación dixital, aínda que non vai na normativa. A vicerreitora fai referencia á normativa de estranxeiría, que esixe un permiso que non depende da Universidade, o que pode supoñer retrasos.

Marta Pazos quere que conste en acta o malestar dos representantes sindicais pola falta de negociación da normativa na mesa correspondente. Pensa que a normativa pasou por moitas mans, agás polas súas, e que poderían ter aportado moito. Gustaríalle que para as setenta persoas en caso de urxencia se comunicase a situación aos seus IPs, dado que ao mellor descoñecen a situación e se buscasse solución para todos os casos posibles. A vicerreitora comenta que as novas modalidades estarán dispoñibles desde mañá e que non foi posible, dados os prazos, actuar doutro xeito. Temos a vontade de seguir modificando para ben a normativa, e a representación sindical poderá aportar o que estime oportuno. Esta mesma tarde haberá unha reunión cos IPs, que tomarán as decisións que estimen oportunas. O reitor pide desculpas pola falta de

negociación e se compromete a levala a cabo canto antes sexa posible. Marta Pazos pregunta se é posible comunicar aos IPs a situación. Raquel Souto comenta que se está a establecer o procedemento, dados o requisitos legais que pode haber. Marta Pazos pregunta que a preocupación é que haxa xente que teña que marchar á rúa, aínda que nos seus grupos tiveran dispoñibilidade financeira. A vicerreitora comenta que a Disposición transitoria só está dispoñible para indefinidos; noutro caso, será necesaria unha nova convocatoria. O reitor aclara cal sería o procedemento a seguir. Marta Pazos indica que precisamente por iso o preguntaba, dada a situación dos contratos que rematan en setembro. Debaten brevemente as dúbidas Raquel Souto, Belén Rubio e Marta Pazos sobre as opcións posibles previstas na Disposición Transitoria cara a certos contratos de máis de seis meses celebrados durante o período transitorio. O reitor aclara que, certamente, houbo algúns contratos celebrados sobre a base dunha interpretación errónea. Marta Pazos conclúe reclamando que se informe correctamente aos IPs.

O reitor pregunta se alguén quere votación. Non habendo peticións, apróbase por asentimento.

Apróbase, por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da concesión de prórroga por razón da COVID para persoal predoutoral e posdoutoral (distinguidos/as, retención) da Universidade de Vigo .

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón o seguinte:

Os e as predoutorais da UVigo do 2018 tiveron unha prórroga por covid-19 de 5,5 meses. Convocatorias Ramón y Cajal, Juan de la Cierva e posdoutorais da Xunta: todos os contratos dese persoal prorrogaron 6 meses. Así o contempla a Orde do 19 de xuño de 2020 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Consellería de Economía, Emprego e Industria. Disposición adicional sexta: «Reglas aplicables aos contratos de traballo subscritos con cargo ao financiamento de convocatorias públicas de recursos humanos no ámbito da investigación e á integración de persoal contratado no Sistema Nacional de Saúde, da Lei 2/2021, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada pola covid-19».

Consultada a Asesoría Xurídica da Universidade, indicou que ao tratarse dunha convocatoria propia da universidade, entendemos que sería potestade do órgano convocante valorar a existencia de circunstancias motivadas pola covid-19 que impediron ou dificultaron o desenvolvemento da investigación ou do programa e que motivarían e sustentarían a prórroga. Como sería unha situación excepcional, recomendamos que a motivación, no seu caso, quede plasmada de modo expreso e suficiente, posto que, se non, rexerían as previsións da convocatoria deste programa.

A proposta é prorrogar a todos predoutorais e posdoutorais que se viron afectados polo confinamento de marzo a maio do 2020. Xustificación: ás dificultades presentadas que complicaron o desenvolvemento da investigación, engádese o retraso na avaliación dos I3. Este ano máis de 1400 solicitudes e as persoas solicitantes están recibindo cartas de retraso na avaliación por encima

do prazo dos 6 meses establecido. Aplicaríanse as mesmas condicións a todos e todas sen discriminacións. Incluiría aos e ás predoutorais de 2019 e aos de retención de 2018.

O reitor aclara que é un compromiso electoral do equipo entrante.

Apróbase, por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do carácter retroactivo á data de nomeamento das persoas interesadas dos acordos acadados nos Consellos de Goberno do 11 de marzo (punto 9) e 5 de abril de 2022 (punto 14).

O reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de Investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expón que se trata de dous acordos de equiparación de tres cargos de representación da UVigo en centros interuniversitarios (CISPAC e CITMAGA) aos efectos dos seus recoñecementos docentes e económicos. A proposta é que estes acordos sexan retroactivos ao momento do nomeamento das persoas que os ocupan, dado que o servizo de PDI non o ten claro. Esta posibilidade está contemplada no correspondente informe da Asesoría Xurídica, sempre que se aprrobe en Consello de Goberno que así sexa.

Apróbase, por asentimento.

8. Acordo, se procede, para a presentación das solicitudes do Centro de Investigación Mariña (CIM), do Centro de Investigacións Biomédicas (CINBIO) e do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Comunicación (AtlantTic), segundo establece a Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidades do 26 de marzo de 2021, reguladora do procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG.

O Reitor en funcións cede a palabra á vicerreitora de investigación en funcións, que asume temporalmente as competencias en materia de ordenación académica e profesorado, quen expoñe o seguinte cadro, para explicar o punto, onde se describe o marco do procedemento aplicable:

Marco procedimental de la Xunta de Galicia aplicable a las "unidades de I+D del SUG"

Aprobación de unidades de I+D+i del SUG		
	Acreditación de la calidad y excelencia científica	Financiación y acceso a la Red CIGUS
<p>Efectos para la unidad de I+D+i:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Incorporación al registro de unidades de I+D+i del SUG <p>Marco normativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Art. 19.2 de la Ley 6/2013, de 13 de junio » Orden de 26 de marzo de 2021 <p>Evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Evaluación externa <i>ex-ante</i> <p>Objetivo evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Comprobación del cumplimiento de los preceptos legales y procedimientos universitarios requeridos para la creación de la unidad y aseguramiento de unos niveles mínimos de recursos y calidad <p>Fechas del procedimiento:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Abierto de forma continua 	<p>Efectos para la unidad de I+D+i:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Obtención de un sello de acreditación asociado a su excelencia científica, técnica o artística <p>Marco normativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Art. 19 bis Ley 6/2013, de 13 de junio <p>Evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Evaluación externa <i>ex-ante</i> <p>Objetivo evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Valoración de la estructura y modelo de gobernanza de la unidad, de su nivel de excelencia científica, técnica o artística, y de su aportación al desarrollo económico y social de Galicia <p>Fechas del procedimiento:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Abierto de forma continua 	<p>Efectos para la unidad de I+D+i:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Obtención de fondos » Reconocimiento como miembro de la Red CIGUS y acceso a sus servicios <p>Marco normativo:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Órdenes de concesión de ayudas a Centros 2016, 2019 y sucesivas <p>Evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Evaluación externa <i>ex-ante</i>, de seguimiento y <i>ex-post</i> <p>Objetivo evaluación:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Valoración de la estructura y modelo de gobernanza de la unidad, así como de la solvencia, carácter estratégico y proyección externa del proyecto científico colectivo <p>Fechas del procedimiento:</p> <ul style="list-style-type: none"> » Cada 4 años a partir de 2023

Hai tres centros que nunca foron aprobados oficialmente como centros de investigación pola Xunta de Galicia, polo que se necesita o acordo do Consello de Goberno que se trae a aprobación, dado que lles falta o primeiro paso que esixe agora o procedemento (malia que sí o segundo e o terceiro). O reitor insiste na calidade dos centros e sinala que se trata dun mero formalismo.

Apróbase, por asentimento.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 11:45 h. do día 09 de xuño de 2022, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor en funcións

O secretario xeral en funcións